




Guía de configuración de Adobe Acrobat Reader para SDX-II Consellería de Facenda da Xunta de Galicia

1. INTRODUCCIÓN

No presente manual, descríbense os pasos necesarios para a configuración adecuada do Adobe Acrobat Reader, de maneira que se poida realizar a validación das sinaturas PDF xeradas por SDX-II.

Malia que as sinaturas que SDX-II incrusta nos documentos PDF son válidas, se o lector de PDFs non está convenientemente configurado, aparecerá unha mensaxe de advertencia, no que se indica que existe algún problema para a validación. Isto débese a que ao lector non se lle indicou que debe confiar nas entidades que emitiron os certificados cos que se asinou.



Imaxe 1 – Advertencia de validación

Seguindo os pasos que se mostran neste documento, eliminarase dita advertencia para aquelas entidades certificadoras que se desexen aceptar.

2. INSTALACIÓN DE CERTIFICADOS DE ENTIDADES EMISORAS

O primeiro paso para que se poida realizar a validación adecuadamente, é a instalación no sistema operativo dos certificados das entidades emisoras que se desexa ter como de confianza.

Entidades certificadoras que se poden configurar son as seguintes:


- AC Administración pública, obtible en http://www.conselleriadefacenda.es/opencms/Economia/Biblioteca/Documentos/Certificados_estandar/ACADMINISTRACIONPUBLICA.cer
- FNMT (Fábrica Nacional de Moneda y Timbre), obtible en http://www.conselleriadefacenda.es/opencms/Economia/Biblioteca/Documentos/Certificados_estandar/ACRAIZFNMTRCM.cer e http://www.conselleriadefacenda.es/opencms/Economia/Biblioteca/Documentos/Certificados_estandar/FNMTClase2CA.cer
- DNI Electrónico, obtible en http://www.conselleriadefacenda.es/opencms/Economia/Biblioteca/Documentos/Certificados_estandar/DNle.cer

Con todas as entidades, os pasos son os que se mostran a continuación:

1. Obtención do certificado

O primeiro paso, é descargarse o ficheiro que contén o certificado da entidade certificadora que se desexa configurar. Para iso, utilizarase un enlace dos proporcionados anteriormente.


Pódese descargar o ficheiro ao disco, ou ben abrir directamente desde a descarga, como se mostra a continuación:



Imaxe 2 – Pantalla de descarga de arquivo

2. Instalación do ficheiro

Si se descargou o arquivo, realizando dobre click sobre el, comezarse a instalación do certificado. No caso de que se optase por abrir o documento directamente desde a descarga, procederase inmediatamente.




Imaxe 3 – Pantalla de amosado de certificado

O seguinte paso, será pulsar o botón de “Instalar certificado...”, o que lanzará o asistente para importación, que nos permitirá incluír a entidade certificadora no almacén de certificados do sistema operativo.

3. Asistente para importación


Tras pulsar o botón de "Instalar certificado...", abriase o asistente de importación, que se utiliza para importar novos certificados na base de datos que contén o sistema operativo.



Imaxe 4 – Inicio do asistente de importación de certificados

Na primeira pantalla do asistente, infórmase de cal é o propósito do mesmo. Deberase pulsar o botón "Siguiente >" para proseguir o proceso de importación.


Isto levaranos a unha pantalla na que se dá a opción de seleccionar que almacén será o que conteña o certificado a importar.



Imaxe 5 – Selección do almacén de certificados


Neste caso, deixarase seleccionada a opción por defecto (Seleccionar automáticamente el almacén de certificados según el tipo de certificado), e se pulsará o botón de "Siguiete >".

A continuación, móstrase unha pantalla na que se resumen as operacións que se van a levar a cabo.



Imaxe 6 - Resumo da operación

Só resta pulsar o botón de "Finalizar", para que o proceso se realice. Trala importación, aparecerá unha fiestra na que se informará de que a importación se realizou.




Imaxe 7 - Imaxe de resultado de importación

3. CONFIGURACIÓN DE ADOBE PARA CONFIAR EN ENTIDADES

Tras importar os certificados das entidades certificadoras no almacén de certificados do sistema operativo, tan só resta facer que Adobe Reader utilice estes certificados como confiables para as validacións de documentos.


Para iso, seguiranse os seguintes pasos:

1. Seleccionar a opción de "Preferencias"



Imaxe 8 - Imaxe da opción de menú Preferencias


2. Abrir a pestana de "Seguridad"



Imaxe 9 - Imaxe da pantalla de Seguridade

3. Seleccionar "Preferencias Avanzadas"

4. **Seleccionar a pestana "Integración de Windows"** e, dentro, a casilla "Activar la búsqueda de certificados distintos a los suyos en el almacén de certificados de Windows", como se mostra na seguinte figura:




Imaxe 10 - Imaxe da pestana "Integración de Windows"

4. VALIDACIÓN DE LA FIRMA

A validación de firmas é unha operación custosa que consome un tempo considerable. Por iso, existe a posibilidade de configurar Adobe Acrobat, ben para que valide as firmas manualmente, ben para que o faga de xeito automático cada vez que se abra un documento.

Para establecer este parámetro, tan só hai que seguir os seguintes pasos:


1. Seleccionar a opción do menú principal "Preferencias"



Imaxe 11 - Imaxe da opción de menú "Preferencias"

2. Abrir a pantalla de "Seguridad"


3. Marcar ou desmarcar a opción "Verificar firmas al abrir el documento"



Imaxe 12 - Imaxe da pestana de Seguridade

Tras configurar este parámetro, ben cando se abra un documento, ben cando o usuario o seleccione, se validarán as firmas.

O resultado, tras todos os pasos de configuración descritos, debería ser a aparición dun panel en todos os documentos asinados, como o seguinte:



Imaxe 13 - Imaxe do resultado correcto de validación